



## “Queren que deixemos de ser cidadáns para volver ser vasalos”

[Montse Dopico @montsedopico](#) domingo 9, decembro 2012

O último libro de Marcos Calveiro, *Palabras de auga*, (Xerais), non é só unha viaxe cara ao corazón africano e o relato da aventura iniciática dun neno cara á madurez. É unha metáfora da loita das culturas minorizadas por sobrevivir e unha reflexión sobre o esmorecemento do mundo rural. Do global ao local. Nun mundo no que a violencia se instalou de tal xeito nas relacións humanas que xa case nin nos percatamos dela. A obra, gañadora do Premio Merlín, amosa ademais conexións coas anteriores do autor. Xa di el que é que “sempre estamos a escribir a mesma novela”. Malia que a súa non deixa de mudar en cada entrega.

O libro é unha metáfora da loita das culturas minorizadas por sobrevivir e unha reflexión sobre o esmorecemento do mundo rural. Do global ao local. Nun mundo no que a violencia se instalou de tal xeito nas relacións humanas que xa case nin nos percatamos dela

**Hai certo parecido entre *Palabras de auga* e a túa novela anterior *Centauros do norte*. Como a viaxe iniciática do protagonista...**

Supoño que é por unha cuestión persoal. Medrei entre moita xente: os meus avós, as miñas tías... E sempre segues o exemplo de alguén, para ben e para mal. E iso reflíctese nos libros.

**En *O carteiro de Bagdad* escolliches Iraq. En *Settecento Venecia*. Agora África... Como naceu *Palabras de auga*?**

Pois, como *O carteiro de Bagdad*, dunha nova de xornal. Neste caso, sobre mulleres que van buscar comida aos formigueiros. Despois busquei información en Intermon Oxfam. Pero o punto de partida foi iso, unha imaxe tan potente que pensei que aí había unha novela. Mulleres que rouban as formigas para conseguir gran para darlles de comer aos seus fillos.

**Mais coa importancia que tiña a documentación en *Settecento* ou en *Festina Lente*, supoño que algo máis buscarías...**

Pois desta volta non me documentei moito. Situei a historia nun non-lugar, un espazo non concreto de África. A tribo da que falo é inventada, o país é inventado. A cultura que describo podería ser un compendio da dos masai, pigmeos... de varias distintas. É, en realidade, unha sociedade rural, con conexións coa nosa cultura como o apego á terra ou o papel das mulleres. Tamén podería ter conexións coa nosa cultura polo tema da lingua propia. Optei, neste aspecto,

polo suahili, que é utilizado como lingua franca por varios pobos de África. Por iso as palabras en suahili, e o vocabulario suahili-galego. É un idioma moi interesante, feito por acumulación de trazos de distintas linguas, con palabras onomatopeicas...

**O tema de fondo é a loita pola supervivencia dunha tribo á que lle quitaron as súas terras...**

É que nós tamén pertencemos a unha cultura ao bordo da extinción. Cada vez temos máis problemas e o tema da lingua é un bo exemplo. A min aínda me seguen preguntando por que escribo en galego. Por iso o libro pode ter algo de reflexo de como me sinto ás veces. Ademais, no fondo todas as culturas minorizadas se parecen, viven dificultades semellantes. O que pasa é que eu teño certa tendencia a escapar de Galicia para falar dela. Digamos que o meu camiño vai do global ao local, e non ao revés. Cando falo de que as mulleres africanas son o alicerce do clan malia estaren relegadas socialmente, tamén estou falando das mulleres da sociedade rural tradicional galega. Todos somos seres humanos, e non somos tan diferentes.

**Hai moita violencia nos teus libros. Pero moitas veces non é a máis visible, como a das bombas de Bagdad, senón unha violencia estrutural omnipresente nas relacións humanas: en *Settecento*, en *Festina Lente*, en *Centauros do norte*, en *Palabras de agua*...**

Será un reflexo do que vivimos, supoño. O século XX foi o máis violento, malia que se supón que foi o que acadou maiores cotas de civilización. E o século XXI non parece que vaia evolucionar. E non só os xenocidios ou os *danos colaterais*, é como dis unha violencia estrutural, unha violencia soterrada á que parece que nos afixemos, pois é increíble que con todo o que está pasando co tema da crise non pasemos a maiores.

**Non é fácil entender o irmán do protagonista. Ou si o é, pero é duro. El cuestiona a autoridade da tribo, quere ver mundo, pero acaba sendo neno soldado ao servizo de escravistas...**

Tampouco queda no libro moi explicado todo o relacionado co irmán. En realidade, os meus personaxes van xurdindo, prefiro que sexa así e non contalo todo segundo un plan predeseñado. Ese personaxe é un mozo que vai sendo arrastrado, é o típico rebelde sen causa que acaba formando parte do sistema, e faino nunhas circunstancias moi tráxicas, moi dramáticas. O final é aberto porque, do mesmo xeito que prefiro non dicilo todo sobre os personaxes, gústame que o lector complete a historia. Os puntos suspensivos cos que acaba *O pintor do sombreiro de malvas* deron para moitas preguntas sobre que pasa despois... Pero isto ten que decidilo o lector.

**Falabas antes das mulleres, representadas no libro pola nai de Amadou. Non teñen voz nas decisións, malia o importantes que son na súa sociedade.**

As mulleres non tiñan por exemplo capacidade de decisión legal ata hai pouco, malia ser elas as que sustentaban a familia. Meu avó era a típica figura patriarcal de autoridade, pero miña avoa era quen organizaba todo... E, como dicía antes, nisto e en moitos outros aspectos as sociedades rurais son moi semellantes. A miña infancia estivo, ademais, rodeada de mulleres: eu pasaba moito tempo coas miñas tías mestras, que me ensinaron moitas cousas. De todas maneiras, cústame explicar con detalle os meus personaxes. Porque a miña escrita é bastante caótica, non sigo un plan predefinido.

**Outro dos piares do libro é a preocupación polo medio natural: os incendios, a destrución da paisaxe coas minas. E a ruptura desa relación tan estreita coa natureza que tiñan as sociedades rurais.**

Iso é unha preocupación persoal tamén. O mundo labrego é de onde nacen as culturas. E ese mundo está esmorecendo, como tan ben contaron John Berger e outros autores. Hai rapaces de Vigo que xa perderon o contacto con ese mundo rural. E se ese mundo esmorece vanse con el moitas partes importantes da nosa cultura. Só hai que pensar por exemplo en todo o vocabulario que se perde. Ademais, é certo que sempre estamos contando a mesma historia, entón reflectimos o que nos preocupa. É o que fai Philip Roth, ou Paul Auster -e non me estou comparando con eles literariamente-. Cando escribimos non podemos ser outros, só podemos ser nós, e escribimos desde as nosas circunstancias.

**O pai de Amadou acaba desobedecendo o xefe da tribo. E mesmo convence ao fillo para mentirlle á nai para non causarlle dor. É unha sociedade que vai mudando presionada polas circunstancias...**

O pai chega un momento que antepón o ben da súa familia por enriba do ben colectivo da tribo, e faino nunha situación límite, totalmente dramática. O seu é un mundo que se está rachando, e os adultos tamén teñen que adaptarse: non só os novos. En canto ao da verdade, eu son de dicirlles a verdade aos nenos e non agocharlles nada, a verdade. Cando morreu meu pai eu díxenlles o que pasaba. Ademais, se ti lles amosas confianza, eles vanche amosar confianza a ti. Se ti lles contas mentiras, tamén eles che van mentir.

**Na miña traballan nenos escravos buscando pedras negras...**

Iso tamén está baseado no que todos vemos nos xornais e na televisión, é unha mina que imaxinei. Eu non digo no libro que sexa coltan, pero podería ser.

**Hai unha estrutura que se repite ao inicio de varios dos capítulos, como en *Setecento*. Así sabemos que comeza un dos sete días que contas na novela.**

Ese é un recurso moi común na literatura oral, que tamén está en *O carteiro de Bagdad*. *Palabras de auga* non é un libro cunha estrutura lineal, senón que ten flashbacks. Os capítulos que empezan con esta estrutura son os do presente, e os outros os do pasado. Tamén é unha pequena licenza poética...

**Mais este libro non é, no seu estilo, nada poético, como outros teus, como *Sari, soñador de mares*.**

Non é nada poético, non, pero tampouco a historia se prestaba para iso.

**Que estás a escribir agora?**

Pois nada, en realidade, porque estou con varias cousas á vez, e con ningunha. Teño ideas, capítulos soltos... pero nada concreto. Ata que me prende unha idea na cabeza, ata que me enganxa de verdade, non me poño a escribir en serio.

**Poñías no twitter o outro día que, desgraciadamente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non tombaba o decreto do plurilingüismo, malia anular eses dous artigos tan importantes como o son o da consulta aos pais e o da elección da lingua na comunicación na aula.**

Porque gañamos unha batalla, pero non a guerra. Agora foi aceptado o recurso da RAG, pero o problema do decreto segue aí. E, con este goberno antigalego, como dicía Suso de Toro, o dano xa está feito. O dano é irreparable aínda que o TSXG anulase todo o decreto. Eu vexo que mesmo en vilas pequenas do interior o galego retrocede. Eu vou moito falar a centros de ensino, e onde antes non che facían preguntas en castelán agora si que as fan... Despois tamén hai un problema

coas políticas lingüísticas. Porque moitas veces téntase atraer os nenos cara ao galego en lugar de atraer o galego cara aos nenos. Quero dicir que, por exemplo, non hai unha programación infantil en galego para eles. Por iso prefiren ver Disney Channel.

**Tamén contabas que o decreto das taxas xudiciais era o peor atentado á democracia deste goberno. E algo debes saber diso porque es avogado...**

Porque, xunto co que están a facer coa sanidade, a educación a a cultura, o máis grave do que fixo o goberno do PP. Porque a tutela xudicial efectiva é un dereito fundamental que non pode non estar garantido por falta de diñeiro para pagar as taxas. Imaxina o caso dunha negligencia médica, dunha dunha denuncia no ensino. É un retroceso gravísimo que poñan esas taxas desorbitadas.

**Isto coincide coa reforma do código penal para reprimir mellor as protestas cidadás...**

Claro, esa é a cuestión. Facer o posible para que non haxa manifestacións, para que non haxa protestas nas rúas. Por iso deteñen xente, queren impedir que os xornalistas graven, deteñen xornalistas... Para que os cidadáns non teñan a posibilidade de defenderse dos poderes fácticos. O mesmo obxectivo é o de acabar coa educación, porque canto máis burros e submisos mellor. Porque queren que deixemos de ser cidadáns para volver ser vasallos.

**Por certo, quedaron moi ben as ilustracións de Ramón Trigo. Axudan moito a imaxinar a historia.**

Si, son moi acaídas para a historia. Xa é o sexto libro que me ilustra, e estou moi contento.